



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 204/2020

Procedemento: Procedemento xenérico

Asunto: Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. Contratación laboral temporal (Cobertura de vacantes)

Obra/servizo subvencionado: Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais (Peón forestal)

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de oito (8) peóns forestais para a obra / servizo "Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais", ao abeiro da Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.
2. Con data 27 de xullo de 2020 o Tribunal Cualificador estende acta que eleva ao órgano competente coa proposta de nomeamento provisional para a categoría referida.
3. Con data 30 de xullo de 2020, esta Alcaldía dita Resolución (núm. 2020 – 0649) aprobando as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal de oito (8) peóns forestais para a obra / servizo "Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
4. Con data 30 de xullo de 2020, o Departamento de persoal deste Concello, procede ó chamamento das oito (8) primeiras persoas que integran as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo e recollida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 – 0649 de data 30.07.2020.
5. Con data 31 de xullo de 2020, esta Alcaldía dita Resolución (núm. 2020 – 0654) de contratación de persoal laboral temporal de oito (8) peóns forestais para a obra / servizo "Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo segundo figura na Resolución de Alcaldía núm. 2020 – 0649 de data 30 de xullo de 2020.
6. Con data 15.09.2020, **Natalia Formoso Iglesias**, traballador/a deste Concello, na categoría profesional de "peón forestal", para a obra / servizo "Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais", subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ao abeiro da

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 15/09/2020
HASH: 7b2deadd4204873af29edfdac531e896



JORGE MORENO MARTIN-CALOTO (2 para 2)
SECRETARIO-INTERVENTOR
Data de Sinatura: 15/09/2020
HASH: fa573c5b734043f16146198bbd688fb1



RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0799 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 7EXD7TAH5Q7PZCPG3MJAEZTN | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestión esPublico | Páxina 1 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, destinadas a entidades locais de Galicia. Comunica a súa **baixa voluntaria** con data de efectos do **15.09.2020** (número de rexistro de entrada 4242).

- Con data 15 de setembro de 2020, o Departamento de persoal deste Concello, procede ó chamamento do/a aspirante que figura como primeiro reserva das persoas que integran a lista definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo e recollida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 – 0649 de data 30.07.2020.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “peón forestal”, do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2020 – 0649 de data 30.07.2020 por orde de puntuación:

- Jonatan Pereira Collazo, con DNI núm. **92020**

Segundo.- Contratar ó/a antedito/a aspirante para o período comprendido entre o 16 de setembro de 2020 e o 30 de novembro de 2020, para a obra / servizo “Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais”, subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza por un importe total de 29.585,72 €, na categoría profesional de “peón forestal”, cos seguintes custos salariais:

PERSONAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO (en meses)	CUSTO BRUTO TOTAL (por traballadora)	INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL	Nº DE TRABALLADORES	CUSTO BRUTO TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL ANO 2020
Peón forestal	V	100,00%	1.310,61	8411 D	37,80%	495,41	1.806,02	2,50	4.515,05	107,66	1	4.622,71
TOTAIS			1.310,61 €			495,41 €	1.806,02 €		4.515,05 €	107,66 €	1	4.622,71 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Terceiro.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2020-0799 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 7EXD7FAH5Q7PZCPG3MJA2TN | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

Cuarto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 08 de xullo de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 11 de xullo de 2020 (artigo 12):

	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	Pérez Vázquez, Celso	5807	6,50
2	Vidal Grande, Camilo	1934	6,00
3	Alonso González, Martín	4054	6,00
4	Fernández Dacal, Emilio José	72776	5,50
5	Fernández López, Ramón	352865	5,00
6	González Carrete, María Cristina	43122	5,00
7	Rodríguez Gómez, Jordan	9034	4,00
8	Rodríguez Labrador, José Luis	4165	2,50
9	Quintas Labrador, José Alberto	7990	2,00

Quinto.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concelloperreiro.com).

Sexto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Sétimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercer calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0799 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 7EXD7TAH5G27PZCPC3MJA2TN | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

– Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,

O Secretario – Interventor,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

(Faint digital signatures and stamps)

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2020-0799 Data: 15/09/2020



Cod. Validación: 7EXD7TAH5Q7PZCPCG3MJAE2TN | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395